








CFR
A CORUÑA

centro de formación e recursos

BOletín


XUÑO 2021



Educar contra el acoso. Herramientas y actividades para detectar el acoso escolar

Bruna Cabot, Claudia

Editorial Alba, 2021. Barcelona • ISBN: 978-84-9065-679-2 264 páxs.



Educar contra o acoso é un manual con ferramentas e actividades sinxelas para traballar dende o ámbito familiar e o escolar. A autora deste libro, Claudia Bruna, formada como coach Co-Activa Profesional, achega o seu coñecemento e experiencia fronte ao acoso, unha marca que chega a singularizar a infancia e a adolescencia de por vida.

As múltiples e diversas actividades que se ofrecen teñen como obxectivo reforzar a autoestima, traballar a empatía, o autocontrol emocional, o valor da cooperación e a responsabilidade emocional. Estas poderosas ferramentas contribúen a

prever, identificar e frear as condutas de acoso.

Na primeira parte do libro realízase unha definición do que é o acoso, cal é o papel do agresor, da vítima e das testemuñas, así como os diferentes tipos de acoso e as consecuencias do mesmo. Na segunda parte, pon énfase no importante papel das familias para adquirir un maior coñecemento dos fillos/as, estreitar lazos, entender as súas necesidades; e asemade, transformar e mellorar a súa conduta e relacións sociais. Na terceira parte realízase a posta en práctica,

a través de diferentes actividades e dinámicas do traballo coas emocións (alegría, medo, tristeza...) dende o coñecemento emocional, e a súa expresión e manexo. Na derradeira parte explícase o protocolo de actuación fronte ao acoso escolar, sinalando os pasos que deben seguir en función

do nivel de acoso.

Este libro diríxese ás familias e aos educadores comprometidos co benestar emocional, e coa convicción de que os nenos e as nenas vivan sen medo, e dunha forma plena.



Reseña en vídeo: <https://vimeo.com/555663612>

BOletín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Sabela Fernández Trelles
Asesora infantil e primaria

El arte de dar clase

(según un lingüista)

Cassany, Daniel

Anagrama, colección Argumentos,
Barcelona, 2021

ISBN: 978-84-339-6464-9 189 paxs.

Daniel Cassany é autor dalgúns dos libros máis representativos do ámbito da pedagogía da lectura, da escritura e da ensinanza de linguas publicados en España nestes últimos anos. Títulos como *Describir el escribir* (1987), *La cocina de la escritura* (1995), *Tralas liñas. Sobre la lectura contemporánea* (2000), *Afilar el lapicero* (2007), *En línea: Escribir y leer en red* (2002), *Laboratorio lector* (2019), forman parte da biblioteca de moitos departamentos de centros do noso país.

«El arte de dar clase» está dirixido a todas esas persoas que se estrean como docentes, e que teñen que aprender a convivir e a traballar nun espazo como é a aula, cada vez máis complexo e cambiante. Deste xeito, o libro está repleto de consellos e orientacións moi pertinentes tanto para mestres e mestras principiantes como para os



máis expertos que desexen repensar o seu traballo na aula. Tamén atoparán recursos útiles para pór en práctica metodoloxías de aprendizaxe cooperativa, uso adecuado da comunicación verbal e non verbal, xestión dunha aula dixital, e mellora de todas as destrezas lingüísticas.


O libro está escrito cun enfoque subxec-

tivo que non **foxe** das vivencias e das anécdotas máis persoais para conseguir que a lectura se faga amena, cercana, e que as propostas se perciban como moi reais. Todas as pautas e recursos que se ofrecen neste manual están baseadas na propia experiencia persoal do autor, e son froito directo dos moitos obradoiros impartidos por Cassany en diferentes contextos, e con alumnado heteroxéneo dabondo. Neste sentido resultan de grande utilidade os oitenta e dous cadros que enriquecen a obra e que inclúen exercicios, actividades e pautas para xestionar eficazmente unha aula.

No mesmo título da obra figura unha frase que subliña que o libro está escrito dende a perspectiva dun lingüista. Esta precisión non exclúe como destinatarios de *El arte de dar clase* a profesionais da educación que non posúan esta condición. O mesmo autor afirma na introdución que «todo mestre é mestre de lingua», frase que moitos educadores partillamos. A lingua é unha ferramenta esencial de aprendizaxe que

deben dominar e coñecer todos os docentes. Esta premisa é a que canaliza moitas das actividades que aparecen recollidas no libro de Cassany polo que resultarán de grande interese e utilidade para calquera profesor e profesora interesado por cuestións relacionadas coa expresión escrita e a comprensión lectora.

Fiel á premisa de que actualmente é máis prioritario crear situacións de aprendizaxe adaptadas ao contexto que dar leccións, neste manual atoparemos propostas para darlle un enfoque práctico e creativo ao noso labor como docentes.



Resena en vídeo: <https://vimeo.com/558470847>

BOLetín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría lingüístico-social

La generación like

Guía práctica para madres y padres en la era multipantalla

LÓPEZ MENACHO, Javier

Ed. Catarata, Madrid, 2021 • ISBN: 978-84-1352-162-6 • 142 páxs.

«Adicción», «grooming», «ciberacoso», «sexting»... Son amenazas cotiás máis presentes que preocupan e asustan a uns proxenitores que deben salvaguardar os seus fillos. Si, a eses mesmos aos que acoden na procura de axuda cada vez que se atrancan co móbil, ese aparello infernal que non son quen de dominar por máis que o intentan. Os primeiros, temerosos dos perigos da rede e sen competencia dixital dabondo, teñen que tutelar aos segundos, sen medo ás pantallas e acostumbrados a funcionar, vertixinosamente e, case sen pensar, a golpe de «like».

Tratando de aprender a marchas forzadas detrás dos fillos, moitos pais e nais encóntranse desconcertados, inseguros e faltos de ferramentas para protexelos dos perigos desa realidade

paralela que está detrás dos dispositivos móbiles. Impotentes, contemplan como vai aumentando decote o distanciamento entre dous mundos, que conviven baixo o mesmo teito: un cada vez máis desfasado e outro cada vez máis «empantallado». Como se pode entón tutelar sen experiencia? Onde atopar orientacións ou axuda?

Javier López Menacho conxuga a súa faceta de escritor coa de especialista en comunicación, estratexia dixital e reputación «on line» para reflexionar sobre a realidade cambiante do mundo dixital, tratando de ofrecer neste ensaio algunhas pautas que axuden a transitar por esa fenda xeracional.

A lectura deste libro achéganos a esa xeración «like», á súa nova realidade, e á súa diferente maneira de relacionarse e de interactuar co mundo. E para tratar de entender mellor a realidade



«like», proporciona tamén información sobre o universo alternativo que está detrás da conexión a internet, coas súas oportunidades e as súas ameazas, nun intento de dar resposta a algunhas das innumerables dúbidas deses confusos e desorientados proxenitores.

En palabras do propio autor, esta obra ten unha clara pretensión didáctica, e o desexo de que «invada os fogares e provoque unha vaga de sa convivencia dixital»; unha pequena guía que axude «na tarefa de crear hábitos saudables que fagan dos nosos adolescentes seres máis informados e libres, capaces de escribir o seu propio destino», avogando sempre polo pacto fronte á imposición, e pola necesidade dun enfoque global para o tratamento responsable do uso da tecnoloxía móbil, no que considera un dos maiores retos educativos da sociedade actual.

A tarefa é ardua e o desafío ambicioso, pero todos os grandes cambios comezan con ganas, moita ilusión, e un primeiro paso.



BOletín
XUÑO 2021

 **CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Belén Cotón Méndez
Asesoría lingüístico-social

Humanizar la educación

La vida nos está dando una oportunidad para repensar la educación

César Bona

Plaza & Janés 2021, Barcelona • ISBN, 978-84-01-02231-9 225 páxs.

César Bona, un dos cincuenta mellores mestres do mundo segundo o Global Teacher Prize (2015), e escritor de obras de referencia para moitos docentes, agasállanos con esta nova obra «Humanizar la educación», que nace das súas reflexións en pleno confinamento.

A pandemia trouxo consigo cambios e novos retos en todos os ámbitos da vida e da sociedade, poñendo de manifesto o afastado que está o sistema educativo da realidade, por mor dun currículo inflexible, e da carencia de ferramentas educativas adecuadas á nova situación. Sería inxusto, segundo o autor, que continuemos como se nada estivese pasando. Que a vida nos estea a dar unha oportunidade, e que non a apro-

veitemos en facer todo o posible para dar unha educación mellor, e máis humanizada. É o momento de «repensar» o mañá polo que se fai preciso «repensar» a educación.

César Bona convidanos a reflexionar con el a través dunha obra amena que pon a luz e o foco nas cousas que parecen evidentes, pero que pasamos por alto decote.

Entre as súas propostas está a de mudar os verbos que máis se escoitaron ultimamente en educación como: «avaliar» e «examinar» por outros que debemos recuperar, como: «aprender», «sumar», «conectar» ou «incluir». Insiste na importancia de deixar de poñer o enfoque nas preguntas de sempre, e lánzase

a mudalas: Estamos nun sistema educativo de éxito? Que che gustaría que os teus fillos se levaran da escola? Que persoas queres ao teu arredor? Que escola che gustaría, de seres neno ou nena?

Preguntas fundamentais para non atopármolos tomando decisións desde o punto de vista «adultocéntrico», é dicir, pensando moito nos nenos e nenas pero non como nenos e nenas, nin dando opinións dende un comportamento ególatra, circunstancia e pensamento individual de cada un, sen entender que os grandes protagonistas desta historia son aqueles que menos escoitamos.



BOLetín
XUÑO 2021



centro de
formación e recursos



Rosa María García Suárez
Pedagoga terapéutica no IES Eduardo Pondal de Ponteceso

La inteligencia que aprende

Teoría de la inteligencia ejecutiva

Marina; José Antonio y Pellicer, Carmen

Santillana activa, Madrid, 2018 • ISBN. 978-84-680-4473-6, 219 págs.

Este libro divídese en dúas partes. Na primeira parte, realízase unha achega ao concepto de Inteligencia executiva, facendo unha exposición do mapa das once funcións executivas e a colaboración existente entre elas. Rematando esta parte con nove ferramentas pedagóxicas básicas recomendables.


Os autores cóntannos que a función principal da intelixencia é dirixir o comportamento para resolver os problemas, que expón unha situación. Isto, tanto o faría un animal como un ser humano, o que separaría a intelixencia humana da animal sería a súa capacidade de autorexestión. Esta autorexestión lévese a cabo mediante a colaboración dunha serie de funcións ás que lle chamamos executivas.

Para poder levalas a bo fin na aula, as ferramentas pedagóxicas que nos recomentan son: *Organizar a contorna de xeito adecuado para facilitar a aprendizaxe*, *os premios* como reforzo positivo, *as sancións* entendidas como consecuencias dos actos de seu, *o exemplo* como modelado (Vigotsky), *o cambio de crenzas* traballando as ideas sobre si

mesmos, e sobre as súas capacidades, *o cambio de sentimentos e desexos*, *o razoamento* baseado en argumentos, non en emocións, *a repetición e o hábito* establecendo rutinas, e por último, *a reflexión sobre a aprendizaxe* (a metacognición).

Na segunda parte pásase a estudar a didáctica das once funcións executivas: *a activación da enerxía*, *a atención e a xestión da enerxía*, *a xestión da motivación*, *a xestión das emocións*, *o control da impulsividade*, *a elección de metas e proxectos*, *o inicio da acción e a súa organización*, *o mantemento da acción e o esforzo*, *a flexibilidade*, *a xestión da memoria e a metacognición*.

Inclúese para cada unha delas: indicadores de logro, factores que axudan a desenvolvela, atrancos que debemos eliminar, e estratexias que nos axudan a intervir. Suxestións de aula onde o docente é o guía destas aprendizaxes, e o alumnado o axente activo.



BOLetín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Mª Aránzazu Folgar Castelo
Área artístico-deportiva

Conecta13

Enderezo: <https://conecta13.com/>
[Consulta realizada o 24/05/2021]

Conecta 13 defínese como unha empresa de xestión do coñecemento que nace a carón da Universidade de Granada. Están especializados na xestión e auditoría de proxectos educativos, na implantación de estratexias dixitais e na formación permanente do profesorado tanto on line como presencial.

Constitúen o equipo de Conecta 13 un grupo de profesionais de distintos ámbitos da educación con especialización en temáticas tan diversas e complementarias como a aprendizaxe baseada en proxectos, podcasting, creatividade, aprendizaxe cooperativa, linguas, social learning, mooc, tecnoloxías da información e da aprendizaxe, etc.

No seu espazo web pódense visitar algúns dos proxectos desenvolvidos durante estes anos con diversas entidades. Resultan de interese para os nosos centros educativos aqueles que teñen unha aplicación directa nas escolas como son: ScolaTIC nos

ámbitos de ABP (aprendizaxe baseada en proxectos), PLE (contorna persoal de aprendizaxe) ou PLC (proxecto lingüístico de centro).

Unha das seccións máis destacadas desta páxina é a sección **Recursos** onde un pode atopar materiais e ferramentas utilizadas nalgúns destes proxectos. Estes recursos están a disposición das persoas interesadas nunha conta de SlideShare dende a que comparten as presentacións, as rúbricas ou os tutoriais dos seus obradoiros e charlas. Destaca, como material máis visitado, o documento **Artefactos Digitales** en continua actualización e que deu lugar a unha publicación na editorial Graó e a un sitio web. Tamén comparten dúas ferramentas tipo Canvas, unha para o deseño de proxectos ABP e outra para o deseño dunha Contorna Persoal de Aprendizaxe.

Aconsellamos visitar tamén o Blog de

Conecta 13 e mais en concreto a súa sección **Utopedia: La comunidad de los libros** na que profesionais relevantes do mundo educativo comparten e comentan libros e espallan reflexións baixo o formato de podcast. Os tres primeiros encontros ou episodios desta aventura de Utopedia contaron con Francesco Tonnuci (episodio 1), Pilar Pérez Estévez, primeira directora de Leer.es (episodio 2) e Carlos Magro, «*O verbo ler non soporta o imperativo*» (episodio 3) no que se realiza un percorrido polo ensaio de Pennac Como una novela.

En Conecta 13 atoparemos orientacións para desenvolver un proxecto nun centro educativo, con formación especializada por parte de destacado profesionais do ensino, e recursos variados, atractivos e útiles para o traballo de aula.



BOletín


XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos




Javier Pintor Elizalde
Asesoría lingüístico-social



Otra educación ya es posible. Una introducción a las pedagogías alternativas

García, Almudena

Litera libros Editorial, Valencia, 2017 • ISBN: 978-84-946013-3-0 256 páxs.



Almudena García preséntanos, con este libro, unha panorámica da educación actual, e do que ten sido a educación nos derradeiros anos. A situación social, económica..., que vive a sociedade do século XXI provoca, que os alicerces sobre os que se ten asentado a educación nas derradeiras décadas pase a ser máis cuestionada que nunca. En poucos anos, a escola viuse inmersa nunha nova realidade, que nada ten que ver co contexto que se vivía hai algo máis de 100 anos.

Desde estamentos sociais de distinta índole foise xerando un notable desencanto co sistema educativo actual, falto de convicción, o que provocou o abollar de novas alternativas que andan na procura de respostas, coa fin de fornecer o sistema educativo de estratexias útiles e adecuadas ao momento que vivimos.

Esta obra ofrécenos unha ampla panorámica de enfoques educativos diversos, e de pedagogías que se foron creando desde principios do século pasado; anos nos que, o obxectivo do

sistema educativo, era proporcionar unha formación básica aos futuros obreiros da sociedade industrial. Moitos ideólogos consideran que o fracaso da escola actual se debe á pervivencia destes paradigmas nunha sociedade que nada ten que ver coa de hai un século. Ese modelo educativo, que pervive como unha rémora nas nosas escolas, é o obxectivo de moitas alternativas que xurdiron nos últimos anos, e que pretenden dar unha viraxe radical á educación.

Neste libro atoparemos unha aproximación a aquelas alternativas que, con meirande éxito, teñen prendido nos nosos días: pedagogía Montessori, pedagogía Waldorf, educación libre, enfoque Reggio Emilia, Freinet, Piklet, Amara Berri, aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), comunidades de aprendizaxe, escolas bosque, escolas rurais, «homeschooling», etc. Para aquelas familias que estean a considerar o modelo educativo que queren para os seus fillos e fillas, e para aqueles educadores ou educadoras que desexen profundar no enfoque

que queren adoptar para a súa práctica docente, esta obra ofrécenos unha visión crítica destas alternativas, coas súas luces e mais as súas sombras.

Pero asemade é un espazo, que nos convida á reflexión sobre diversas cuestións que teñen sido motivo de innumerables debates no contexto educativo e familiar: conveniencia dos deberes, a creatividade na educación, exames, penalización do erro, credencialismo («titulitis»), inflación académica, menosprezo de determinadas materias, endeusamento das TIC, bilingüismo, cultura do esforzo, valoración dos centros educativos -segundo unhas xerarquías-, segregación temperá, reválidas, medo ao fracaso, etc.

En conclusión, trátase dunha obra vital para calquera persoa, que desexa mergullarse naquelas tendencias alternativas, que están a mudar o mundo da educación.



BOletín
XUÑO 2021



centro de
formación e recursos



Alberto Huerga Carnicero
Asesoría linguas estranxeiras

OAOA matemáticas

Enderezo: <http://oaoamaticas.org/>

[Consulta realizada o 18/05/2021]

Outros Algoritmos para as Operacións Aritméticas. Isto é o que significa o acrónimo OAOA. Pero este método vai moito máis alá da aplicación duns algoritmos para facer uns cálculos, xa que é un movemento de renovación pedagóxica que pretende acabar coa idea de «As matemáticas non se me dan». A experiencia demostra que todo o mundo está capacitado para entendelas, e unicamente se debe mudar a forma de abordalas.

OAOA ademais de renovar os algoritmos tradicionais das operacións aritméticas, trata tamén outros aspectos da disciplina, tales como numeración, cálculo, medida, estatística, probabilidade, xeometría, resolución de problemas...

Todo isto e moito máis trátase en **oaoamaticas.org**, unha «web» creada de xeito



altruísta polo profesorado, co único interese de dar a coñecer o movemento e facilitar recursos á comunidade educativa.

Nesta «web» poderás atopar, para todas as etapas educativas dende Infantil ata Secundaria, repositorios de materiais, vídeos explicativos, programacións OAOA, canles de colexios OAOA, vídeos de xornadas, coleccións de actividades secuenciadas con fichas, fotos...

Entre os moitos recursos que ofrece a «web», cabe destacar as canles **Canal Marcos Marrero**, dirixidas a Primaria e a familias, e a de **Vídeos Juan Francisco**, dirixida a Secundaria e probas de Selectividade.



BOletín

XUÑO 2021

**CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Pedro Lago García
Asesoría TIC



Cosiendo La brecha digital

Puntadas para construir el bienestar digital de tu familia

Zalbidea Muñoz, María Antonia

Ediciones Internacionales Universitarias (EIUNSA), 2021 • ISBN: 978-84-8469-417-5. 144 páxs.

Libro dirixido a familias que senten a tecnoloxía como algo ao que temer, algo afastado deles. Tamén vai dirixido aos docentes para que sexan quen de amosar empatía coa familia que acode ao centro educativo na procura dalgún consello que sirva de guía para actuar cos seus fillos e fillas.

María Zalbidea, a modo de conversa, convidanos a reflexionar sobre a nosa actitude, sobre canto e como coñecemos aos nosos fillos e fillas. Pero non é un convite a cegas, fornécenos de pautas para axudarnos no compromiso da construción

positiva dunha relación saudable coa tecnoloxía no noso fogar.

Citando a Albert Einstein:

«Todos somos xenios, pero se xulgas un peixe pola súa capacidade de rubir a unha árbore, este vivirá toda a súa vida crendose un inútil», a autora pretende facernos recapacitar sobre cuestións tales como a importancia do control parental, de aproveitar a oportunidade para iniciar conversas sobre temas do interese dos nosos fillos e fillas, das emocións, da pegada dixital, da intimidade, da realidade virtual, da realidade aumentada, da intelixencia artificial...

Logo de sentadas as bases —a través de 49 cuestións, ou puntadas como o propio libro emprega aproveitando o similar da costura da brecha dixital—, a autora propónnos elaborar un Plan dixital familiar en analogía co noso Plan dixital de centro. Tamén se fai fincapé na responsabilidade que como pai ou nai temos para cos nosos fillos e fillas, e subliñase que non hai receitas maxistras nin libro de instrucións que garanten o éxito.



BOletín
XUÑO 2021



centro de
formación e recursos




Óscar Domínguez Pérez
Ámbito científico-tecnolóxico

Art Thinking. Cómo el arte puede transformar la educación

María Acaso y Clara Megías

Editorial Paidós Ibérica. Barcelona, 2017 • ISBN: 978-84-493-3370-5 233 págs.



BOLetín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Entendendo a arte non só como unha manifestación cultural senón como un recurso para transformar a realidade, o Art Thinking é unha metodoloxía na que se produce coñecemento utilizando as ferramentas propias da arte contemporánea, en particular todas as posibilidades asociadas á linguaxe audiovisual. Neste libro, as autoras propoñen aplicar o Art Thinking ao mundo da educación, debullando unha profunda análise e unha reflexión revulsiva sobre a formulación actual da educación artística e das relacións entre a arte, e a educación en xeral.

O documento ten como pano de fondo a hiperrealidade e o asedio das imaxes que nos envolven, e que xustifican plenamente o protagonismo da interpretación audiovisual do mundo que nos rodea. Estrutúrase en varias partes fundamentais: para empezar, realízase unha revisión crítica e demoledora do imaxinario que conforma a Educación Artística, con

énfase nos niveis de Educación Infantil e Primaria. Para as autoras, a Educación Artística ten que fornecer ao alumnado dos recursos para interpretar a realidade, e para comunicar ideas. Tamén defenden o empoderamento das educadoras (atopamos un uso moi intencionado da linguaxe de xénero ao longo do texto) no seu papel de creadoras de produtos culturais. En segundo lugar, preséntanse diversos recursos e estratexias propias do mundo artístico, e discútese a súa aplicación no ámbito da educación. Para terminar, achéganse unha serie de interesantes exemplos (poderíamos consideralos como «propostas didácticas») da aplicación do Art Thinking en contextos educativos.

En canto ás referencias pedagóxicas, a lectura proporciónanos un repaso a multitude de conceptos esenciais, como o pensamento diverxente, a neurociencia, a interdisciplinariade, o traballo colaborativo... que serven como

base para o desenvolvemento argumental.

Outro aspecto que resulta imprescindible destacar é o deseño visual do libro. Parece lóxico que unha obra dedicada ao Art Thinking se constrúa como unha simbiose na que texto e imaxe van da man. Atopamos un deseño visualmente moi atractivo, no que se utilizan códigos de cores, fotografías e esquemas creados na liña do Visual Thinking. En ocasións, polo menos no meu caso, o tamaño das fontes e a falta de contraste dificultan a lectura, prevalecendo a estética sobre a utilidade.

En definitiva, unha bela produción artística que nos convida a reflexionar sobre aspectos moi profundos da arte e a educación, e proporciónanos ferramentas metodolóxicas para dar un enfoque artístico e multidisciplinar a calquera proxecto educativo.



Celina Santamaría Recio
Asesoría TIC

Las misiones pedagógicas

Educación popular en la Segunda República

Tiana Ferrer, Alejandro

Editorial Catarata. Madrid. 2021 • 978-84-1352-136-7, 255 páxs.

A proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931, trouxo, entre outras iniciativas, un conxunto de actuacións encamiñadas á renovación da sociedade española a través da educación e da cultura. Dende unha ambiciosa perspectiva de transformación social, estas medidas non se limitarían a unha simple reorganización do sistema educativo, senón que centrarían os seus esforzos nunha educación popular e de extensión da cultura á España máis rural, á poboación campesiña das aldeas españolas máis illadas; esta iniciativa sería coñecida co nome de Misiones Pedagógicas.

Alejandro Tiana Ferrer, catedrático de Teoría e Historia da Educación da UNED e secretario de Estado de Educación no Ministerio de

Educación e Formación Profesional, reconstrúe neste libro a historia desta iniciativa, ao tempo que recupera a súa memoria. Rigosamente documentada, a obra expón ao longo de 15 capítulos aspectos relevantes da orixe, o desenvolvemento e a progresiva desaparición deste proxecto educativo tras a sublevación militar de xullo de 1936.

A obra circunscribe ao lector nunha importante amálgama de personalidades da educación e da cultura tan relevantes como Manuel Bartolomé Cossío, director do Patronato das Misiones Pedagógicas, Federico García Lorca, María Zambrano, Urbano Lugrís, Luís Cernuda ou Pedro Salinas; e sitúano en puntos tan dispares da xeografía española como Ayllón (Segovia), La Cabrera

(León) ou Malpica (A Coruña). Nesta última localidade, da man de Rafael Dieste, Antonio Ramos Varela ou José Otero Espasandín, comezarían as actuacións do Retablo de Fantoques, novidade educativa moi enalzada.

Esta é unha obra que nos achega a unha das experiencias educativas máis estimulantes da historia da educación en España e que, tal e como di o autor, «nos sigue enseñando nuestra historia educativa y cultural, manteniendo al tiempo el potencial de hacernos reflexionar sobre la función educadora de los Estados contemporáneos y las necesarias complicidades que deben tejerse para llevar adelante esas tareas.»



Alejandro Tiana

LAS MISIONES PEDAGÓGICAS

Educación popular en la Segunda República



BOletín
XUÑO 2021



CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Beatriz Macías Digón
Orientadora no IES Eduardo Pondal de Ponteceso



La mecánica del caracol

Enderezo: <https://www.eitb.eus/es/radio/radio-euskadi/programas/la-mecanica-del-caracol/>
[Consulta realizada o 24/05/2021]

Segundo estatísticas recentes o consumo de contidos en formato podcast creceu nos primeiros meses do ano ata un 25% en España, cifra de crecemento só por debaixo da de Italia que creceu ata un 29%. Seica, a situación de pandemia conseguiu que esta ferramenta se convertese nun interesante recurso para escoitar os nosos contidos preferidos.

Algunhas plataformas, como Spotify, engadíunlos. E agora está a traballar para agregarlles vídeo, e competir con plataformas como YouTube. Seis de cada dez adolescentes escoitan algún tipo de podcast.

No ámbito educativo temos en Galicia o proxecto de Radio na biblio (pertencente ao plan LIA), e que posibilitou a posta en marcha dun programa de radio con vinculación

á biblioteca en moitos centros educativos da nosa contorna. Esta iniciativa e algunha outra no ámbito do podcast conseguiron promover a expresión, e mais a alfabetización mediática en moitas escolas e institutos.

Neste contexto cada vez contamos con máis plataformas e servizos que nos ofrecen podcasts moi útiles para utilizar en educación. Un destes recursos é **La mecánica del caracol**, un espazo de Radio Euskadi dedicado á divulgación da ciencia, da tecnoloxía e da historia dirixido por Eva Caballero.

Os podcasts teñen unha duración de aproximadamente 55 minutos e publícanse unhas 4 ou 5 veces por semana. Nos podcasts podemos atopar un contido moi variado que inclúe explicacións sobre fenómenos cotiáns, feitos histó-

ricos relevantes, experimentos, recomendacións sobre Ciberseguridade, sucesos de actualidade relacionados coa ciencia como é o tema das vacinas, consellos sobre a Covid, a nutrición, o cambio climático, etc.

La mecánica del caracol conta cun espazo en Facebook, e outro en Instagram dende o que seguir todas as súas publicacións máis recentes. O podcast é unha ferramenta en auxe con moita utilidade para o traballo de aula. La mecánica del caracol pode resultar de moito proveito para os docentes interesados en fomentar a expresión oral e mais a alfabetización múltiple nas súas clases.



Laboratorio Virtual

Enderezo: <https://labovirtual.blogspot.com/>

[Consulta realizada o 21/05/2021]


Creado en 2007 por Salvador Hurtado Fernández, profesor de física e química no IES Aguilar y Cano de Estepa (Sevilla), baixo o lema «*Sin ciencia no hay futuro*», o **Laboratorio Virtual** é un blog que pon a disposición da comunidade educativa unha serie de recursos baseados na experimentación virtual, e interactiva de principios e leis de química e física. O seu obxectivo non é o de substituír a un laboratorio senón o de servir de complemento ao mesmo. Esta bitácora permítenos aprender a practicar dende un navegador, mellorando a comprensión conceptual dos conceptos tratados, ao tempo que serve de fonte de motivación na aprendizaxe de conceptos complexos.

Este blog recolle experimentos interactivos en html5 e en LIM nas áreas de Física e Química; concretamente 30 experimentos na área de física, e 23 na área de química, tratando dende o Principio de Arquímedes, o Experimento de Rutherford, até a Lei de Dalton.

Ademais do indicado, conta con outras 3 seccións vinculadas á experimentación en laboratorios que son *material de laboratorio*, *pictogramas* e *útiles matemáticos*.

Para cada un dos experimentos conta cos seguintes apartados:

1. Obxectivos que se pretenden acadar.



2. Fundamentos teóricos nos que se basea o experimento
3. Material e procedemento a seguir, no cal se explica o funcionamento da animación.
4. Actividades a desenvolver co experimento interactivo.

A proba do éxito deste espazo é o número de seguidores cos que conta, cerca dos 3 millóns de 142 países ao longo de todo o mundo, sendo este último ano, como consecuencia da Covid-19, cando o incremento de seguidores se fixo notable.




BOletín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Irene Mira Fernández
Asesora TIC



Profe, eso no lo pone

La enseñanza de la comprensión inferencial

Ripoll Salceda, Juan Cruz

S.A. EUNSA. EDICIONES UNIVERSIDAD DE NAVARRA, 2019 • ISBN: 9788431333201, 182 páxs.

Juan Cruz Ripoll é doutor en Educación, psicopedagogo, orientador educativo e profesor asociado da Universidade de Navarra. É autor de moitas publicacións, tanto a nivel individual como colectivo. O interese de Juan Cruz pola mellora da comprensión lectora lévao a combinar a práctica escolar coa investigación, a creación de materiais e a divulgación, tanto a través do seu «blog», como coa súa participación nun grande número de actividades formativas.

No mundo educativo actual é unha necesidade indiscutible estimular a competencia lectora do noso alumnado. O acceso aos contidos curriculares, e o desenvolvemento das competencias clave están absolutamente vinculados á

competencia para entender o que lemos. Sabemos que este proceso de aprendizaxe non remata nas primeiras etapas da escolarización. Pola contra, é imprescindible un traballo organizado e sistemático das habilidades relacionadas coa lectura e a escritura durante todo o ensino básico e obrigatorio.

Coñecemos tamén, que a lectura é un proceso interactivo no que o lector ou lectora recibe información que interpreta a través dos seus coñecementos previos. Para poder entender un texto precisamos establecer un grande número de inferencias. Facer inferencias supón utilizar toda a información que non aparece na lectura de xeito explícito, pero que é indispensable xestionar.

Baixo un suxestivo título, presentamos unha obra sinxela, clara e amena, onde atopamos a dobre perspectiva de reflexión teórica e exemplificación práctica. O autor define as inferencias, expón as diferentes tipoloxías das mesmas, e o proceso de desenvolvemento da actividade inferencial. Posteriormente, concreta as estratexias e actividades que podemos levar a cabo nas aulas para estimular a comprensión.

Estamos seguros que será unha obra de grande interese para os docentes que queren mellorar a competencia lectora do seu alumnado, e colaborar así co éxito escolar.




BOletín
XUÑO 2021



centro de
formación e recursos



Marta Dopico Vázquez
Asesoría Organización escolar e atención á diversidade



Una educación rebelde. El poder de transformar la sociedad

Olive Peñas, Cristian

Grijalbo, Barcelona, 2021 • ISBN: 9788425360411 176 págs.

En ocasións, cometemos a insensatez de non decatármonos do poder que, partillado con outras institucións, a escola ten nas súas mans. A incredulidade, sobre a cuestión educativa, nalgúns medios déixame perplexa. Como docentes, temos a capacidade para mudar a base do futuro da educación, malia a que non sempre se nos permita.

O valor da educación, a pesar de ser un termo menoscabado, principalmente por aqueles que non posúen coñecemento sobre este asunto, é unha cuestión prioritaria sobre calquera outra, que puiden desviar a nosa atención e/ou compromiso.

Hoxe en día, existen autores que cren, defenden e procuran persuadir nas nosas aulas co chamado «estado de situación rebelde». Un destes autores é Cristian Olive. Este docente propón aproveitar esta virtude de rebeldía, que caracteriza a mocidade, coa fin de acadar o propósito de «formar» para estes cambios tan repentinos e

necesarios.

O establecemento de estratexias na aula para modificar o futuro dunha comunidade será, sen dúbida, o piar que estimule as mentes máis novas, para conseguir a transformación cara un futuro mellor para o noso alumnado. Este é un modelo de ensinanza e aprendizaxe, que non ficou ancorado no pasado, xa que logo representa un paradigma novo conectado coa realidade inmediata. Cristian intenta construír esa crítica da escola coa fin de derrubar vellos hábitos e estigmas.

Estes resultados reverten na sociedade a medio prazo. O traballo cotián dos docentes, harmonizando o «libro» cunha longa listaxe de recursos materiais e inmateriais, é o que posibilitará alcanzar o reto de transformar a educación e, polo tanto, a nosa contorna cultural, social e económica.

Toda unha artillería de orientacións e recursos para motivar, para ensinar a aprender, para realizar proxectos,

que son o que a realidade social e económica reclama, primeiro para o alumnado, e deseguido para a sociedade. Unha educación rebelde que transforme a escola, e priorice a realidade dos nosos soños.

A nosa mocidade, como protagonista do cambio, capacitada para conxugar a rebeldía dunha xeración, que sofre unha crise pandémica e económica. Esa mocidade precisa dunha suma de recursos para superar, con dignidade, calquera situación anómala propiciada por unha sociedade inxusta cos máis novos. É o noso deber transmitir, non simplemente coñecementos, senón coraxe para encarar un futuro incerto e herdado dos seus antecesores.

Un libro sinxelo e inspirador para animarnos a acompañar aos máis novos. Unha obra para achegarse a un alumnado rebelde e distinto. «Practicar a rebeldía» é a clave.



BOletín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA

centro de
formación e recursos



Montserrat Penela Cortés
Asesoría FP

Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía. MUNCYT

Enderezo: <http://www.muncyt.es/> (Muncyt Coruña)

[Consulta realizada o 11/05/2021]

A sede de A Coruña do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT), inaugurada no ano 2012 e galardoado no Certame ao Mellor Museo Europeo de 2014 pola súa capacidade para comunicar conceptos científicos e técnicos, polo seu compromiso e responsabilidade social e por conservar o patrimonio tecnolóxico, industrial e científico de España e Galicia, conta cunha colección de 600 pezas. A colección está distribuída en sete salas de exposición nas que se realizan actividades divulgativas coa misión de promover o coñecemento, a cultura e a educación científica, a través do patrimonio e as coleccións históricas de ciencia e tecnoloxía.

Actualmente desenvolve unha programación especial orientada a centros escolares que inclúe, por primeira vez, a posibilidade de


participar en obradoiros e visitas en modalidade virtual. Esta programación está deseñada para achegar, aos participantes, algúns aspectos das diferentes disciplinas científicas e tecnolóxicas, a través da colección do Museo e sempre adaptada a un público diverso.

Entre as actividades -modalidade virtual e grupal-, destacan:

- Obradoiros virtuais prácticos e participativos. A partir dunha temática virtual seleccionada entre os itinerarios propostos para esta modalidade.
- Obradoiro virtual «*Mirando un frente de frente*» impartido por profesionais da AEMET, no que aprenden os mecanismos físicos sobre fenómenos meteorolóxicos.
- Ciclo de charlas-demostración

«on line» Charlas de Lúa Chea, impartidas polo divulgador científico Manuel Vicente, coa fin de achegar aos participantes, á ciencia máis recente.

- Outra actividade moi interesante proposta polo MUNCYT, é unha colección de Fichas didácticas dirixidas a niveis educativos de Primaria e primeiro ciclo de Secundaria, que consiste en aglutinar actividades para desenvolver na aula, de forma autónoma e con materiais desbotables. Este material permite ao alumnado traballar con figuras xeométricas, e con superficies regradas, mostrando a súa aplicación práctica en diversas contornas de maneira amena e contextualizada.



BOLetín

XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Irene Mira Fernández
Asesora TIC

¿Quién forma a los futuros docentes?

Un estudio conjunto de cuatro países

Cordero Arroyo, Graciela y Carnicero Duque, Paulino (coords.)

Octaedro, Colección: Universidad, Barcelona. 2021 • ISBN: 978-84-18348-69-3, 212 páxs.

¿Quién forma a los futuros docentes? É unha publicación altamente interesante e de total actualidade. Destaca por recoller a colaboración en nove artigos de autores moi significativos e cualificados, nos que se aborda a temática da formación do profesorado tanto no ámbito nacional como no Iberoamericano. En canto ás cuestións tratadas faise unha interesante, e completa análise do estado actual da formación inicial do profesorado de Primaria, e dos cambios que se precisan para que un factor tan imprescindible como «o

docente» siga sendo un dos principais piares na mellora da educación presente e futura. Trátanse, tamén, cales son as «claves» para definir o novo perfil do formador de mestres, tanto en España como noutros países en pleno proceso de cambio curricular, e tan destacables como: México, Chile e Brasil.


Asemade, preséntanse a través de diferentes colaboracións e diversas investigacións, en cada un dos catro países que reflicten o estado da cuestión na súa realidade xeográfica.

Definen esta publicación palabras clave como: necesidades de formación, fortalecemento da práctica educativa, competencias docentes, satisfacción profesional e, sobre todo, «perfil de saída da persoa docente e formadora». Este destácase por ser un dos piares que fundamentan a actual Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, LOMLOE, que emprende a actual reforma educativa en España.



BOletín
XUÑO 2021

 **CFR**
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Emilio J. Veiga Río
Director CFR de Coruña

La furia de la lectura. Por qué seguir leyendo en el siglo XXI

Rodríguez López, Joaquín

Tusquets editores, colección Condición Humana, Barcelona, 2021 • ISBN: 978-84-9066-894-8 346 páxs.

Joaquín Rodríguez, doutor en Xeografía e Historia (Antropoloxía Cultural) leva anos investigando acerca dos cambios que o paradigma dixital ocasionou no mundo da edición, da lectura e da cultura. Froito destas preocupacións foron o espazo web <futurosdelibro.com> e as publicacións *Los futuros del libro* (Editorial Melusina, 2007), *Bibliofrenia* (Editorial Melusina, 2010) e *Primitivos de una nueva era* (Tusquets, 2019). Nestes textos exploraba, como as distintas formas de transmisión da cultura, e os cambios nas formas de ler debido a irrupción de internet conforman a nosa percepción da realidade.

Algunhas destas ideas aparecen espalladas agora en *La furia de la lectura* (Tusquets, 2021) aínda que o propósito deste


libro é moi diferente. Tal como indica o subtítulo do libro, «Por qué seguir leyendo en el siglo XXI», o autor intenta atopar as razóns desa visión redentora e beatífica que moitos estudosos lle atribúen á lectura. Todo o libro é unha longa disertación arredor do poder ético e emancipador da lectura.

Segundo o autor, «La furia de la lectura» é tamén unha homenaxe a Jorge Semprún e ao seu libro *La escritura o la vida* (1994) que a tantas xeracións de lectores influíu. O libro arranca con Semprún no recién liberado campo de concentración de Buchenwald restituindo tres libros a petición do encargado da biblioteca deste sinistro lugar. Comóvenos co amor e o respecto que, fronte á barbarie, dous reclusos senten polos libros. É difícil atopar unha imaxe máis poderosa que esta sobre o poder da lectura como

ferramenta de liberación e reeducación. Pero o autor, tamén nos interroga sobre como é posible que algúns destes xenocidas fosen apaixonados lectores.

A lectura por si soa non consegue formar cidadáns íntegros e honrados, non é en si mesma un emblema de respectabilidade. Non estaremos atribuíndolle á lectura responsabilidades que non lle corresponden, interpélanos o narrador. Co exemplo do Quixote podemos pensar que ler é perigoso porque produce perturbacións de distinta índole na nosa forma de comprender o mundo, aínda que nisto repousa, tamén, uns dos seus principais proveitos: o poder que ten a lectura para ensanchar o noso pensamento.

«La furia de la lectura» lanza sobre os docentes algúns inte-



rrogantes que nos deben levar á reflexión. Que tipo de textos damos a ler ao noso alumnado? Por que non repensamos os canons? Por que non utilizamos máis a lectura dramática para a aprendizaxe da lectura? Por que non xestionamos mellor a tensión entre medios escritos, e medios audiovisuais esquecendo case sempre a inclinación

das novas xeracións cara os dispositivos dixitais?

Coincido co autor en que deberíamos deixar de culpar e menosprezar aos que non len, e preocupármolos máis por buscar fórmulas que acheguen á lectura aos que amosan apatía pola mesma. Unha das posibles solucións sería situármolos preto dos centros de interese dos mozos e mozas, que rexeitan a lectura e amosarlles patróns culturais cos que se identifiquen.

A lectura é unha ferramenta pedagóxica e formativa cun enorme potencial, que crea espazos de liberdade e de gozo. Este ensaio, tan estimulante, fainos reflexionar sobre axiomas asentados na nosa sociedade que é preciso revisar




BOLetín
XUÑO 2021

CFR
A CORUÑA
centro de
formación e recursos



Javier Pintor Elizalde
Asesoría Lingüístico-social

Este é
o inicio do camiño,
necesitamos
a túa *participación*



- Consulta as **novidades** na nosa biblioteca
- Participa nas nosas **sesións de lectura**
- Envia as túas **recensións** sobre novidades editoriais educativas

<http://www.edu.xunta.gal/portal/cfrcoruna>

Indica onde che gustaría participar e envíanos un mail a cfr.coruna@edu.xunta.gal



[cfracoruna](#)



[@cfracoruna](#)



[cfracoruna](#)